

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

CERTIFICO:

Que dos datos e documentos obrantes nesta Secretaría ao meu cargo, resulta acreditado que con data 8 de maio de 2024, a Alcaldía deste Concello ditou o decreto núm. 1474/2024, que literalmente di:

“DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA PRIMEIRA EDICIÓN DO CONCURSO “BAILA CON AMES 2024”.

EXPEDIENTE: 7720/2024.

ANTECEDENTES

O sector comercial é una área básica na planificación económica e social das accións levadas a cabo dende o Concello de Ames, tanto por constituír un motor fundamental no desenvolvemento económico e, polo tanto, na creación de emprego e riqueza.

Por isto, o departamento de Promoción Económica conta entre os seus obxectivos o fomento, incentivo, divulgación e fortalecemento del tecido comercial local co ánimo de converter Ames nun referente como lugar de compras na Comarca de Compostela, apostando por un comercio de calidade, innovador, creativo e en sintonía coas demandas y tendencias da sociedade actual.

É por isto, que a Concellaría de promoción económica presenta a primeira edición do concurso “Baila con Ames 2024”.

Con iso dáse cumprimento ao recollido no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2023-2025 da área de Promoción Económica do Concello de Ames.

O certame pretende dinamizar o sector comercial focalizando a atracción de posibles consumidores nas principais rúas comerciais, en colaboración coas asociacións empresariais mais representativas do concello. A finalidade é incrementar o consumo no comercio local atraendo a un maior número de persoas ao Concello de Ames.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A normativa de aplicación ás subvencións no Concello de Ames ven constituída pola Lei 38/2003, de 28 de novembro, xeral de subvencións e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

No caso do Concello de Ames, ademais, é de aplicación a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cuxo artigo 3º estende o ámbito de aplicación da mesma as Corporacións Locais Galegas.

Deberase estar tamén ao que establezan as bases de execución do orzamento do Concello de Ames para o ano 2024, concretamente na súa base 52ª e seguintes (BOP nº 59 do 22.03.2024).

A presente convocatoria está recollida na terceira modificación do Plan estratéxico de subvencións 2023-2025, aprobada polo Pleno en sesión do 25.04.2024.

Nesta subvención o procedemento de concesión é o de concorrência competitiva, procedemento ordinario para o outorgamento de subvencións.

En canto a proposta de Bases para a concesión dos Premios da I edición do Concurso Baila con Ames, estas están elaboradas atendendo ao disposto nas bases de execución do orzamento, concretamente na base 52ª e seguintes.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
10/05/2024 4E8C600B9326645324C853A1E4EE5A95384FF178
10/05/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
VILAS CANTELAR, CONCEPCIÓN
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC204CDA819366DD04DB7

Consta no expediente informe favorable da Secretaría e da Intervención municipal (informe 231/2024).

Á vista de todo o anterior, esta Alcaldía, no uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolve:

Primeiro.- Avocar de forma singular e para o caso concreto, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local polo Decreto 1983/2023, de aprobación das bases reguladoras de subvencións concedidas polo Concello en réxime de libre concorrência, o reparto das axudas de acordo con ditas bases e a aprobación da xustificación correspondente, xa que por motivos organizativos non pode demorarse a aprobación destas bases ata a seguinte Xunta de Goberno Local, dado que a presentación deste proxecto debe levarse a cabo o 8 de maio de 2024.

Segundo.- Aprobación da convocatoria e as bases da primeira edición do concurso “Baila con Ames 2024”, de acordo coas bases que figuran coma Anexo I desta resolución.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 2.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 4314.48109 do Orzamento Xeral do exercicio 2024.

Cuarto.- Publicar a convocatoria seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a través do envío do estrato da convocatoria á Base Nacional de Subvencións (BNS) para a súa remisión ao BOP. As bases publicaranse integramente na páxina web do Concello de Ames.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

O alcalde
José Blas García Piñeiro

A secretaria accidental
Concepción Vilas Cantelar

ANEXO I

Concellaría	Promoción Económica
Anualidade	2024
Denominación	Bases do “I Concurso baila con Ames”.
Beneficiarios	Persoas físicas non pertencentes ao mundo profesional do baile nin na actualidade, nin no pasado.
Aplicación orzamentaria	4314.48109
Importe da convocatoria	2.500€

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Estas bases teñen como obxecto regular a convocatoria para a concesión dos premios do “I Concurso baila con Ames”.

Con iso dáse cumprimento ao recollido no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2023-2025 da área de Promoción Económica do Concello de Ames.

O certame pretende dinamizar o sector comercial focalizando a atracción de posibles consumidores nas principais rúas comerciais, en colaboración coas asociacións empresariais mais representativas do concello. A finalidade é incrementar o consumo no comercio local atraendo a un maior número de persoas ao Concello de Ames.

SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO

Á presente convocatoria seralle de aplicación o disposto nas bases de execución do orzamento, así como o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, (en diante, LGS) e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.

TERCEIRA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

O gasto que comporta a convocatoria ascende a 2.500€ que serán imputables á aplicación orzamentaria 413.48109 do Orzamento municipal para 2024.

CUARTA.- CATEGORÍAS

O certame divídese en dúas categorías:

Primeira categoría: participantes individuais ou en parella.

Segunda categoría: grupos compostos entre 3 e 12 persoas.

Só se poderá participar nunha categoría por persoa.

Considerarase deserta unha categoría cando se inscriban menos de tres participantes. No caso de quedar deserta os que se inscribisen na dita categoría poderán participar a modo de exhibición.

QUINTA.- PREMIOS

Establécense os seguintes premios

1º categoría, individual ou dúo: 1.000 €

2ª categoría grupal: 1.500 €

Por cada categoría, as persoas gañadoras outorgaráselle un único trofeo en recoñecemento da participación, unha única cesta saudable, un único vídeo profesional sobre o seu paso polo concurso e a posibilidade de bailar nas nas Prebadaladas de Ames 2024.

SEXTA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso e ser beneficiarias dos premios as persoas físicas non pertencentes ao mundo profesional do baile nin na actualidade nin no pasado.

No caso de participantes menores de idade, deberán presentar un permiso de participación e a cesión de dereitos de imaxe asinado polo pai, nai ou titor legal. Nos casos en que así o requira a lei, deberán asinar a solicitude de participación e a cesión dos dereitos de imaxe os dous proxenitores. Os beneficiarios do premio serán os menores, sen embargo no caso de que o menor non conte con unha conta bancaria ao seu nome, cumprimentarase un formulario polo representante para cobrar o premio.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
10/05/2024 4E8C600B9326645324C853A1E4EE5A95384FF178
10/05/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
VILAS CANTELAR, CONCEPCIÓN
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC204CDA819366DD04DB7

Non poderán participar as persoas físicas que cumprindo os requisitos específicos de participación, estean incursas nalguna das causas de prohibición para percibir subvencións segundo o establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Os participantes deberán presentar unha declaración de non atoparse incursos en ningunha das prohibicións previstas no citado artigo 13 de Lei 38/2003, de 17 do novembro.

A acreditación do cumprimento da situación de estar ao corrente de obrigacións por reintegro practicarase a través dunha declaración responsable incluída na ficha de participación, declaración que tamén substituirá as certificacións do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social de acordo co artigo 24 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 do novembro, Xeneral de Subvencións.

SÉTIMA.- RÉXIME DE CONCESIÓN

O réxime de concesión dos premios será o de concorrencia competitiva, conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, así como a eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización de recursos.

Un extracto da convocatoria será publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). No portal de transparencia do Concello de Ames publicarase integramente o texto desta convocatoria.

OITAVA.- ÓRGANO COMPETENTE INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

A instrución correspóndelle ao departamento de Promoción Económica que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, á vista do expediente e valoración final do xurado, formulará a proposta de resolución dos premios.

A resolución de concesión de premios, que pon fin á vía administrativa, corresponde á Xunta de Goberno Local. Ao non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as realizadas polos participantes, prescínlese do trámite de audiencia na proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 82.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución definitiva notificaráselle as persoas premiadas. Igualmente, darase publicidade a través da Base Nacional de Subvencións das concesións.

NOVENA.- FORMA , PRAZOS E LUGAR DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

A presentación das solicitudes de inscrición realizaranse dende o día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ata o 10 de xuño de 2024 inclusive, utilizando o modelo normalizado de participación (anexo I).

A participación neste certame implica a completa aceptación das presentes bases, e as decisións do concello e do xurado designado.

A solicitude participación formalizarase a través da ficha de participación que poderá descargarse na páxina web municipal (www.concellodeames.gal).

Ao tratarse de persoas físicas segundo o artigo 14 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas poderán optar por presentar a solicitude de forma electrónica, nos termos indicados no apartado anterior. Tamén poderán facelo de maneira presencial nas oficinas de rexistro do Concello de Ames e demais entidades previstas no artigo 16.4 da LPACAP.

Unha vez rexistrada a solicitude de participación deberán remitir copia da mesma xunto co vídeo co que se vai participar ao correo electrónico amesnarua@gmail.com.

DÉCIMA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DOS PREMIOS, FASES DO CONCURSO

Primeira fase. Presentación.

As persoas interesadas en participar na convocatoria deberán cumprimentar asinar e presentar a ficha de participación (no caso de menores de idade asinarán os/as representantes legais) acompañada dos documentos requiridos nela. Descargarase da páxina web municipal (www.concellodeames.gal) e presentarse por calquera dos medios establecidos no apartado 9 destas bases.

Para participar tamén deberán presentar e enviar un vídeo con audio, en formato Mp4 cunha interpretación de baile da persoa ou persoas que vaian participar, de non máis de 1 minuto.

Unha vez rexistrada a solicitude de participación deberán remitir copia da mesma xunto co vídeo co que se vai participar ao correo electrónico amesnarua@gmail.com.

O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria e aprobará a lista de candidatos admitidos que pasarán á fase de avaliación.

O día 17 de xuño comunicaráse, por correo electrónico, a todas as persoas participantes a condición de candidatos ou non para as seguintes fases.

O xurado escollerá ás persoas para a primeira xornada, un mínimo de 5 por categoría e un máximo de 15 por categoría. De non existir 3 persoas por categoría, a categoría quedaría deserta. As as persoas que se teñan presentado poderán participar a modo e exhibición, pero fora de concurso.

Ata o día 19 de xuño de 2024 as persoas candidatas deberán poñerse en contacto coa organización na dirección de correo electrónico amesnarua@gmail.com, para acordar o tema musical a interpretar na fase de selección.

Segunda fase. Selección

A selección realizarase nunha xornada presencial no Milladoiro o día 21 xuño de 2024.

Só se interpretará un baile de máximo 3 min.

O xurado escollerá un máximo de 20 participantes en total, 10 por categoría. No caso de que algunha das categorías quede deserta, os participantes apuntados en dita categoría poderán participar a modo de exhibición fóra de concurso

Ese mesmo día daranse a coñecer os/as participantes que pasan a última fase. Os participantes que pasan a última fase anunciaranse na semana do 24 de xuño na páxina web deste Concello.

Antes do 20 de agosto de 2024 as persoas seleccionadas deberán poñerse en contacto coa organización para acordar o tema a interpretar na seguinte fase na seguinte dirección de correo electrónico amesnarua@gmail.com (pode repetirse o baile nesta fase final, pero valorarase bailes novos ou incorporacións de pasos ou dificultades ou novas creatividadeas no mesmo. Só se admitirá a participación das persoas que presenten o material en prazo.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
10/05/2024 4E8C600B9326645324C853A1E4EE5A95384FF178
10/05/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
VILAS CANTELAR, CONCEPCION
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC204CDA819366DD04DB7

Fase final.

Celebrarase de xeito presencial en Bertamiráns o día 31 de agosto de 2024, nunha única xornada á que terán acceso as persoas clasificadas na fase de selección.

Na fase final os 20 aspirantes (grupos, dúos ou individual) interpretarán un baile por participante. Os participantes previa comunicación poderán interpretar os temas de maior duración.

Non poderán coincidir en temas musicais entre as persoas candidatas, de ser así, deberán chegar a acordo para non interpretar o mesmo. Como segunda opción, será a organización a que decida o tema coincidente entre os concursantes afectados.

Nesta fase o ditarase o fallo do xurado cos premiados, este fallo do xurado será inapelable. Os gañadores/as daranse a coñecer ese mesmo día.

O órgano instructor, á vista do fallo do xurado, elevará proposta de resolución de concesión dos Premios Baila con Ames á Xunta de Goberno Local. A resolución definitiva publicarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e seralle notificada as persoas premiadas.

Normas comúns a todas as fases do concurso.

As persoas participantes deben estar listas 1 hora antes de comezar cada unha das fases presenciais que vaian superando.

As datas de celebración das diferentes fases do concurso poderán ser modificadas pola organización por mor de causas climatolóxicas, debendo ser comunicado con 24 horas de antelación aos participantes seleccionados.

Non se admitiran cambios nas bases musicais fora do prazo establecido en cada fase.

O medio de comunicación coa organización será en todo momento o correo electrónico amesnarua@gmail.com. A persoa que aparece presentando a solicitude de participación será a única habilitada para comunicacións co Concello de Ames e coa Organización.

Non se poderán empregar nas coreografías elementos perigosos nin ofensivos para os participantes nin para o público. Non se poderán lanzar obxectos ao público nin elementos que produzan lume. O incumprimento desta norma levará directamente á descalificación.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

O xurado avaliará os seguintes criterios: técnica, execución dificultade da coreografía, a coordinación, a posta en escena, creatividade e coreografía orixinal. Tendo en conta os criterios de avaliación, cada persoa do xurado, poderá outorgar a cada participante de 1 a 10 puntos por actuación.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto 3 persoas nomeadas por resolución de alcaldía entre profesionais do mundo do baile. Exercerá de secretario o persoal do departamento de Promoción Económica.

O xurado efectuará a valoración das actuacións conforme aos de avaliación previstos nesta convocatoria e ditará o fallo para o seu outorgamento. As decisións do xurado deberán constar nunha acta. A proposta de concesión dos premios remitirase á Xunta de Goberno Local como órgano competente para o outorgamento dos premios.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
10/05/2024 4E8C600B9326645324C853A1E4EE5A95384FF178
10/05/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE967BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
VILAS CANTELAR, CONCEPCIÓN
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
VILAS CANTELAR, CONCEPCIÓN
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC204CDA819366DD04DB7

Levantarase acta de cada sesión, nas actas reflectirase a motivación do acordo do xurado conforme ao establecido no apartado 11 destas bases.

DÉCIMO TERCEIRA.- ABONO DOS PREMIOS.

A resolución definitiva notificarase aos gañadores para que, no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación, presenten por rexistro o certificado do número de conta para que o Concello poida ordenar os pagos.

O Concello de Ames consultará polos seus propios medios, os correspondentes certificados de atoparse ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e das súas cotas coa Seguridade Social, así como das obrigacións tributarias co propio Concello de Ames.

Unha vez presentada a documentación requirida no apartado anterior serán abonados os premios as persoas gañadoras. Practicarase a retención fiscal que proceda, segundo a normativa vixente.

DÉCIMO CUARTA.- COMPATIBILIDADE

Estes premios serán compatibles coa concesión doutros, calquera que sexa a súa natureza e a administración ou entidade que os conceda.

DÉCIMO QUINTA.- ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN DAS CONVOCATORIA

A participación nesta convocatoria supón a plena aceptación da totalidade das bases desta por parte dos participantes. Calquera dúbida que puidese xurdir acerca da interpretación do texto da convocatoria será resolta polo departamento de Promoción Económica

As posibles dúbidas serán remitidas á dirección de correo amesarua@gmail.com.

DÉCIMO SEXTA.- PRAZO DE RESOLUCIÓN

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses, de conformidade co artigo 25.4 LGS. O dito prazo comezará a contar a partir do último día de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, poderanse entender desestimadas por silencio administrativo.

DÉCIMO SÉTIMA.- DEREITOS DE PARTICIPACIÓN, DE IMAXE E PROTECCIÓN DE DATOS

Os temas musicais deberanse acordar coa organización en cada unha das fases presenciais, asegurando uns mínimos de calidade nas actuacións de baile.

Non se permite ningún tipo de complemento, obxecto ou material co propósito de evitar posibles danos ou accións ofensivas cara algunha persoa presente.

Non se admiten actuacións que promovan unha mensaxe violenta, denigrante ou ofensiva.

Coa aceptación das presentes Bases as persoas participantes ceden a organización do evento todos os dereitos relativos sobre os vídeos, imaxes e audios tomados dentro do evento e relativo a este.

Estes, ao seu tempo só poden empregarse con propósito informativo e divulgativo da actividade en diferentes medios de comunicación e redes sociais.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
10/05/2024 4E8C600B9326645324C853A1E4EE5A95384FF178
10/05/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO: VILAS CANTELAR, CONCEPCIÓN
Secretaría accidental
Alcalde

NOME: VILAS CANTELAR, CONCEPCIÓN
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC204CDA819366DD04DB7

Así todas as persoas participantes deberán asinar a cesión de dereitos de imaxe.

No caso de participantes menores de idade, deberán asinar un permiso de participación e a cesión de Dereitos de Imaxe, o pai, nai ou titor legal. Nos casos que así o requira a Lei, deberán asinar a solicitude de participación os dous proxenitores.

No cumprimento da Lei orgánica de protección de datos e garantía de dereitos dixitais, o Concello protexerá a intimidade, privacidade e integridade do individuo, en cumprimento do artigo 18.4 da Constitución Española.

Do mesmo xeito, regularanse as obrigas do individuo en todo o proceso de transferencia de datos para garantir a seguridade do intercambio.

DÉCIMO OITAVA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra o acordo de aprobación das presentes bases que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición, ante o propio órgano que o ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data indicada. Sen prexuízo do disposto nos artigos 123 e 124 da LPACAP, e artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen oportuno.

DÉCIMO NOVENA.- ÓRGANOS DE CONTROL DAS ACHEGAS CONCEDIDAS.

Os beneficiarios/as dos premios concedidos polo Concello quedarán obrigadas a someterse aos procedementos de controis ou auditoría que realicen polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras a Intervención municipal, o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Cuentas e calquera outros órganos de control interno ou externo, nacional ou europeo.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
10/05/2024 4E8C600B9326645324C853A1E4EE5A95384FF178
10/05/2024 2552C596968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
VILAS CANTELAR, CONCEPCION
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC204CDA819366DD04DB7

FOLLA DE INSCRIPCIÓN CONCURSO BAILA CON AMES

CATEGORÍA (sinalar o que proceda)

- ☐ Participantes individuais ou en parella.
- ☐ Grupos compostos entre tres e 12 persoas

NOME/S DO/S PARTICIPANTES:

	NOME E APELIDOS	DNI(entregar copia)
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		

NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE PRESENTA A INSCRIPCIÓN E ACTUARÁ COMO REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
CORREO ELECTRÓNICO	

Os asinantes, nos termos do previsto no artigo 69 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, ao asinar a ficha de inscrición, manifesta/n, baixo a súa responsabilidade que:

- 1.- En caso de participación de menores, declaran que ostentan o custodia.
- 2.- De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, non está/n incurso/s en ningún dos suposto que impidan obter a condición de beneficiario.
- 3.- Atoparse ao corrente das obrigas tributarias e co seguridade social.
- 4- Que non obstante o anterior, para a tramitación desta solicitude:

☐ AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

☐ NON AUTORIZO ao Concello de Ames para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
10/05/2024 4E8C600B9326645324C853A1E4EE5A95384FF178
10/05/2024 2552C5906968C1689FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
VILAS CANTELAR, CONCEPCIÓN
GARCÍA PIÑEIRO, JOSÉ BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC204CDA819366DD04DB7

5. Que se comprometen a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao procedemento no que se inscriben.

6. Que autorizan a publicación dos vídeos das persoas participantes nas canles do Concello de Ames.

7 Autorización expresa relativa á Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal necesaria para a participación no concurso. (sinalar cunha x)

- ☐ Os/as participantes cédennlle os dereitos de imaxe e vídeo ao Concello de Ames para a reprodución en distintos medios.

8 Que segundo o artigo 11 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións declaran:

☐ Que o importe do premio deste concurso se reparta a partes iguais entre todas as persoas participantes.

☐ En caso contrario deberán especificar o importe a percibir por cada unha das persoas participantes.

Xunto con esta ficha, cuberta e asinada, debe achegarse á seguinte dirección de correo electrónico amesnarua@gmail.com, antes do 2 de xuño de 2024, a seguinte documentación:

1 COPIA DO DNI/NIE das persoas participantes incluído o da persoa que actúe como representante. No caso dos menores copia do DNI das persoas que ostenten a custodia o garda legal.

2 VÍDEO: con audio, en formato Mp4 cunha interpretación de baile da persoa ou persoas que vaian participar, de non máis de 1 minuto á seguinte dirección de correo electrónico amesnarua@gmail.com

A organización notificará ao correo electrónico que figure nesta ficha a confirmación da participación ou non na seguinte fase presencial, despois da primeira selección.

Notas

Estes datos, recollidos coa única finalidade de participar no concurso e recibir o premio derivado, trátanse de conformidade coa Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal; serán propiedade do Concello de Ames e non poderán ser comunicados nin cedidos a terceiros.

A documentación que declaran posuír os/as asinantes poderá ser requirida, se se estima conveniente, por esta Administración.

Sinatura de todos as persoas participantes.

E para que así conste e xustificar onde conveña, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a dez de maio de dous mil vinte e catro.

Visto e praxe
O alcalde

J. Blas García Piñeiro

A secretaria accidental

Concepción Vilas Cantelar

DATA DE SINATURA: HASH DO CERTIFICADO:
10/05/2024 4E8C600B9326645324C853A1E4EE5A95384FF178
10/05/2024 2552C5906968C16B9FC6B4BE9697BB9BF010C732

POSTO DE TRABALLO:
Secretaría accidental
Alcalde

NOME:
VILAS CANTELAR, CONCEPCION
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC204CDA819366DD04DB7